

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE REAL CLUB NÁUTICO DE VIGO E A ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS PROFESIONAIS NON LABORAIS DE SOCORRISMO EN INSTALACIÓNS ACUÁTICAS.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

D. Santiago Villanueva Álvarez, director xeral da Academia Galega de Seguridade Pública (en adiante Agasp), organismo autónomo da Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, , actuando en nome e representación da Agasp, en virtude das facultades que lle confire o artigo 12 da Lei 1/2007, do 15 de xaneiro, da Academia Galega de Seguridade Pública,

DECLARA:

Que a Agasp formalizou coa entidade Real Club Náutico de Vigo con CIF G-36.612.752 (en adiante a entidade) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da sinatura por tódalas partes ata o **30 de xuño de 2021**, prorrogándose de forma expresa por anualidades naturais, salvo denuncia de calquera das partes antes da súa finalización, ou da finalización de cada unha das prórrogas.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A participación da entidade na realización do módulo *prácticas profesionais non laborais de socorrismo* que debe superar o alumno do curso de adaptación da actividade física e deportiva ao socorrismo en instalacións acuáticas cunha duración de 80 horas.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

Primeiro.- Que no DOG de data 7 de abril de 2017 publicouse o **Decreto 35/2017, do 30 de marzo, polo que se modifica o Decreto 104/2012, do 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia.**

Segundo.- Que os anexos V e VI do **Decreto 35/2017, do 30 de marzo, regula o contido dos cursos CAFDO-IA, establecendo respectivamente o módulo de PRÁCTICAS PROFESIONAIS NON LABORAIS DE SOCORRISMO EN INSTALACIÓNS ACUÁTICAS, cunha duración de 80 horas.**



Terceiro.- Que a Agasp convocou no Diario Oficial de Galicia nº 25 de 8 de febreiro de 2021, as seguintes actividades formativas en materia de socorrismo *“Curso de Adaptación da Actividade Física e Deportiva ao Socorrismo en Instalacións Acuáticas”* que se está a desenvolver.

Cuarto .- Que a entidade posúe os recursos e instalacións necesarias para levar a cabo as prácticas profesionais non laborais de socorrismo.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Que estes convenios tipo foron informados favorablemente pola Asesoría Xurídica da Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo con data 21 de xuño de 2017.

E para que conste, asínase esta memoria, na Estrada, na data da sinatura dixital

Santiago Villanueva Álvarez

Director xeral da Academia Galega de Seguridade Pública

